

1. Líder **BASKET**



LUCENSE

das final four que se disputaron en Lugo esta fin de semana e poñen rumbo a Zaragoza e Avilés

Media hora de recital celeste

TRAS UN INICIO DE PARTIDO IGUALADO, Estudiantes impúxose 86-42 no resto do encontro



Olloqui nun lance do encontro disputado no Anexo

112		69	
ESTUDIANTES		TUI	
Xogador	Pts.	Xogador	Pts.
Sergio	4	Fernández	
Eloy	14	Gómez	
Jorge	22	Campos	
Anxo	12	Piñeiro	
Garabito	10	Abunda	
Álvaro	12	Diequez	
Olloqui	12	Camero	
Dani	6	Soto	
Adrián	10	Castro	
Pedro	5	Diez	
Lucas	5		

Estudiantes recuperou sensacións no Anexo tras varrer da pista a Tui na media hora final do encontro que lles mediou o pasado domingo pola tarde. O tramo inicial foi un intercambio continuo de canastras nuns primeiros dez minutos nos que Estudiantes sobreviviu aos cinco tripos que anotaron os visitantes. 26-27.

O lóxico era que o acerto de Tui diminuíse, pero a clave do despegue lucense foi o rebote. Estudiantes pechou o seu aro e non permitiu segundas opcións, á vez que correu con claridade de ideas para ir desnivelando o marcador ao seu favor cun segundo parcial de 23-6 no que se lle apagou a inspiración ofensiva a Tui.

“Partido muy serio en el que a partir del del segundo cuarto dimos un paso al frente, corrigiendo errores en ambos lados de la pista”

JAVI PEINÓ Estudiantes



Anxo cara a pintura tras superar a un rival



Eloy, que se foi ata os 14 puntos, coa pelota



O estudiantil Pedro a piques de lanzar a canastra

Estudiantes, clasificado para a F4

PESE Á DERROTA EN ALLARIZ nun encontro adiantado das lucenses

58		42	
ALLARIZ		ESTUDIANTES	
Xogadora	Pts.	Xogadora	Pts.
Domarco		Carlota	
C. Cid		Candela	
González		Yashina	20
Mascañas		Marta F.	
L. Cid		Laura	4
Robledo		Claudia	6
M. Cid		Enma	5
González		Cristina	
Garrido		Alejandra	
		Carla	7
		Marta R.	

“Necesitamos tener mucho más ritmo, tanto en ataque como en defensa, para estar más cómodas sobre la pista” SISE PEINÓ Estudiantes Lugo



Sise Peinó felicitando a Enma nun encontro no Anexo

Estudiantes perdeu no partido adiantado que disputaron as de Sise Peinó en Allariz para que as xogadoras cadetes puidesen apoiar ás júnior na final four na que conseguiron o pase ao Campionato de España. Tamén selou a súa presenza o cadete na final four pese á derrota, xa que as lucenses aínda perdendo ante Celta estarían entre as cinco mellores ao saír airoas de tripos empates.

En Allariz o certo é que Estudiantes non estivo nada ben. O equipo viaxou consciente de que gañando clasificábase pero o ritmo tanto en defensa como en ataque estivo por debaixo do espe-

rado, ademais tiveron que remar contracorrente desde o inicio tras un parcial inicial de 18-11.

O segundo e terceiro cuarto foron igualados pero Allariz conseguiu impoñerse por 13-10 e 10-8 deixando o encontro sentenciado de cara aos últimos dez minutos nos que Estudain-

tes nunca tivo opcións de remontar.

Pese á derrota, o resto de resultados favoreceron os intereses lucenses, polo que o conxunto que dirixe Sise Peinó estará nos play off por un posto no Campionato de España que organizará Rosalía en Santiago de Compostela.

O Ensino xogarase todo a unha carta

NA ÚLTIMA XORNADA, no Anexo, ante Mariano Franciscanas Vigo

54		36	
BOSCO		ENSINO	
Xogadora	Pts.	Xogadora	Pts.
Lorenzo		Maite	7
Losada		Sabela	
Alonso		Nerea	2
Sampaño		Carla	
Pérez		Antía	
A. Pérez		Nuria	13
Sotelo		Natalia	
Salgado		Carolina	
Rias		Any	6
		Lucía	7
		Mencia	1



Adrián González dá instrucións nun tempo morto

“Nos faltaron ideas claras y más intensidad en un partido muy duro”

ADRIÁN GONZÁLEZ Cafés Candelas Ensino

o júnior. O esforzo titánico das xogadoras pasou factura cun primeiro parcial de 15-11 que obrigou a remar contracorrente desde o inicio, chegando ao descanso con 26-19.

Ao comezo da segunda parte a remontada lucense viu-se truncada polo listón defensivo de Bosco, que o situou no límite. 8-6 de terceiro parcial mentres

que, coa luz da reserva acendida, o Ensino non puido loitar pola vitoria nos dez últimos minutos.

Agora, na última xornada, as de Adrián González dependen de si mesmas e, no mellor dos casos, poden acabar terceiras. No peor dos escenarios, fóra dos play off cunha derrota ante Mariano Franciscanas no Anexo.

Estudiantes cítase cos mellores en Zaragoza

AOS DE MARCOS LÓPEZ non lles pesou o cartel de favoritos na F4 e impuxéronse a Tui e Rosalía en dous partidos de moito nivel

SEMIFINAL			FINAL		
99		59	73		57
ESTUDIANTES		TUI	ESTUDIANTES		ROSALÍA
Xogador	P.	Xogador	Xogador	P.	Xogador
Lucas	11	Souto	Mark	11	Paz
Janusevicius	29	Diez	Janusevicius	18	Souto
Cabe	4	Agraso	Lucas	17	Santos
Mark	18	Giraldez	Iago	16	Callado
Luis	5	Lampón	Cabe	9	Gómez
Trabado	5	James	Diego	2	Tarrio
Iago	11	Diequez	Olloqui		Harquindey
Diego	5	Varela	Trabado		Alvarez
Jorge	2	Martinez	Alberto		Valenzuela
Pedro	7	Iglesias	Jorge		Pérez
Olloqui	2	Soto	Luis		Vieites
Alberto			Pedro		

Estudiantes estará no Campionato de España júnior masculino que se disputará en Zaragoza. Os de Marcos López, tras loitar polo título de Liga e o pase directo ata a última xornada, clasifícanse logo de impoñerse na final four.

Estudiantes era favorito, xogaba en casa e tiña todo a favor. Precisamente ese era o gran perigo, xa que Tui, Basket Ferrol e Rosalía chegaban con moitísimo que gañar e pouco que perder. A presión non afectou aos lucenses, demostrando os de Marcos López que tiñan todo traballado para evitar os contratempos que puidesen aparecer. Estudiantes foi o mellor equipo da final four, e co público do seu lado regalou un baloncesto moi difícil de ver en idade júnior aos afeccionados que se deron cita no Anexo ao longo da fin de semana, creando un ambiente impresionante.

A primeira pedra no camiño era Tui, un equipo moi físico que xa vendera cara a derrota en Lugo na Liga regular, nun partido similar ao das semifinais destes play off. Tui chegou á cita con todo o seu arsenal tras recuperar ao seu mellor xogador e endureceu o partido desde os primeiros minutos nos que os dous equipos tiveron moito acerto en ataque, 24-23 no primeiro cuarto.

O esperado era que Estudiantes mantivese o ritmo, a incógnita era saber si Tui o conseguiría. Os visitantes fixérono ao longo do segundo cuarto no que estiveron sempre preto no marcador, pero coa sensación de que estaban ao límite. En canto baixase un pouco a intensidade ou o acerto, sobre todo no tiro exterior, Estudiantes iríase no marcador.

Tras un segundo parcial de 25-16, chegouse ao descanso con máis 10 pero con sensación de igualdade na pista. Lonxe de acusar o esforzo, Estudiantes subiu un punto o listón de esixencia en defensa exhibindo fondo de armario á vez que Janusevicius se enfundaba o traxe de MVP en ataque. Tui non foi incapaz de manter o ritmo e cun terceiro parcial de 31-12 o pase á final quedou sentenciado.

No outro cruzamento Rosalía impúxose a Basket Ferrol 51-55 e plantouse na gran final. Os composteláns buscaban un marcador curto, pero desde os primeiros minutos mostráronse moi soltos e con acerto en ataque, tomando o marcador no primeiro cuarto con 10-18 no marcador.

Estudiantes mantivo a calma aínda que por momentos viuse en complicacións. Rosalía continuou con acerto e atopando vías para anotar ante un Estudiantes que apelou á calma para manterse preto no marcador, consciente de que o seu momento chegaría co paso do encontro.

Ao descanso chegouse con 31-36, e na segunda parte o rodillo celeste iniciou a remontada desde a defensa, secando os focos de anotación rival, pechando liñas de pase e dominando o rebote para recuperar balóns e correr.

Iago e Lucas se sintonzaron co público e Rosalía viuse desbordado nos segundos vinte minutos, nos que Estudiantes cargou a tope o depósito de confianza de cara ao campionato de España que se disputará en Zaragoza con dous parciais claros e contundentes de 21-9 e 21-12 cos que fixeron vibrar ao Anexo.

“En las semifinales conseguimos el primer objetivo y en la final el premio llegó para unos chavales que sin duda se lo merecen, ya que trabajaron un montón durante todo el año para conseguir esto. Enhorabuena a todos”

MARCOS LÓPEZ Estudiantes Lugo



Mark gañando a liña de de fondo ante un xogador de Tui



Trabado iniciando unha xogada en ataque ante Tui



Janusevicius ante Mark a piques de lanzar a canastra



Iago voando cara o aro de Tui ante dous defensas



Os xogadores e corpo técnico de Estudiantes celebrando o subcampeonato tras recoller os trofeos



Lucas encarando o aro rival nun lance da final



Cabe impoñéndose entre tres xogadores de Rosalía



Tania Mato lanzando a canastra ante unha rival



Carmen Leboreiro subindo o balón ante Maite



Carmen encarando o aro ante unha defensa rival



Eva, que rematou lesionada o partido, lanzando a canstra



Laura busca un pase nunha acción de ataque



Zeltia subindo o balón ante Eva nun lance do partido



Alba coa pelota por diante de dúas rivais

Tensión, emoción e premio para o Ensino

PARTIDAZO ante Rosalía no que as de Miguel López asinaron o pase para o seu cuarto Campionato de España consecutivo

41		48	
ROSALÍA		ENSINO	
Xogadora	Pts.	Xogadora	Pts.
Seoane	4	Marina	4
Peneda	5	Natalia	5
Golpe	6	Maite	6
López	17	Carmen	17
Rivero	7	Leboreiro	7
García		Any	
Rama	1	Tania	1
Ramos		Uxia	
Liste		Mencia	
Gómez	8	Nuria	8
Rama			
Castro			

Ensino e Rosalía citábanse na segunda semifinal dos play off no Anexo. Terceiro contra cuarto na Liga Regular na que ambos empataron a 15 vitorias e 7 derrotas, pero nunha competición na que as compos-

“Fue un partido con muchos nervios y mucha tensión. Al final la victoria cayó de nuestro lado y todos nos pusimos muy felices”

MIGUEL LÓPEZ Durán Maquinaria Ensino

telas gañaran ás lucenses.

Na Final A4 o Ensino, grazas ao subcampionato de Estudiantes, xogaba na casa polo que as forzas igualábanse ao máximo antes de empezar o encontro. Tralo salto inicial os prognósticos de igualdade confirmáronse, pero a mellor posta en escena do Ensino deulle as primeiras

vantaxes, 10-18 ao final do primeiro cuarto e unha máxima no segundo de 12-24.

Co partido a piques de romperse o adestrador compostelán trocou o rumbo do encontro cun cambio defensivo, secando a Maite con defensa individual e propiciando un apagón no Ensino cun par-

cial de 11-0 que deixaba o marcador en 23-24 ao descanso.

O terceiro período foi de poder a poder, con intercambio de golpes á vez que subía o nivel de tensión e presión sobre a pista, chegando aos últimos dez minutos con máis dous para Ensino.

No desenlace final as lucenses pecharon mellor o rebote e tiveron as pulsacións máis baixas en accións puntuais que decantaron o encontro ao seu favor nos derradeiros minutos dun partido que se converteu nunha oda ao baloncesto pero que terminou con final feliz.

Estudiantes volve ao Campionato de España júnior pola porta grande

SUBCAMPIOAS GALEGAS sendo o mellor equipo dos mortais

63		53	
ESTUDIANTES		PELETEIRO	
Xogadora	Pts.	Xogadora	Pts.
Ana		Fagín	
Zeltia		Leza	
Eva		Losada	
Maria		Martínez	
Adriana		Lamas	
Alba		Salgueiro	
Sabela		Eiroa	
Yashina		Gil	
Candela		Rigueiro	
Alexia		Taboada	
		González	
		Iglesias	

“Gracias a esta victoria podremos disfrutar un mes más de entrenamientos con retos por delante”

FERNÁN VARELA Estudiantes Lugo

ata a data é para enmarcar co subcampionato na Liga regular que confirmaron nos play off, tan só por detrás do inalcanzable Celta de Vigo.

Ante Peleteiro, xogábanse o pase a Avilés nun encontro a unha carta ante un rival coñecido á perfección. Estudiantes empezou coas ideas claras pero as compostelás mantiñáanse

con vida no partido, 18-19 no primeiro cuarto, e máxima igualdade no marcador con varios triplós made in Zeltia ata que chegou a xogada clave do encontro.

A falta de cinco segundos para o descanso e balón para as lucenses, Peleteiro, que aínda non estaba en bonus, quixo forzar unha falta, pero non o

conseguiu en primeira instancia e, cando o fixo, fixo cunha antideportiva. Estudiantes converteu os dous tiros libres. Fernán Varela solicitou tempo morto e sacou brillo á pizarra cunha xogada ensaiada na que Yashina anotou dous puntos cos que o equipo foi ao intermedio con máxima vantaxe, 36-27.

Ao comezo da segunda parte as celestes xestionaron a renda. A diferenza ao longo dos segundos vinte minutos non baixou dos sete puntos cos que Estudiantes se plantará no próximo Campionato de España en Avilés.



Todas as xogadoras de Estudiantes e Ensino celebrando ao finalizar o derbi capitalino que ambos conxuntos estarán presentes no Campionato de España

A final soñada feita realidade

ESTUDIANTES ALZOUSE CO SUBCAMPIONATO nun encontro no que os dous equipos lucenses xa estaban clasificados, pero igualmente deron un impresionante espectáculo no Anexo



Leboreiro subindo o balón ante Adriana na final



Maria Corredoira ante Carmen nun lance do xogo



Candela encarando o aro do Ensino ante Any

52 ESTUDIANTES		43 ENSINO	
Xogadora	Pts.	Xogadora	Pts.
Ana		Marina	8
Zeltia		Natalia	
Eva		Maite	5
Maria		Carmen	16
Adriana		Leboreiro	5
Alba		Any	
Yashina		Tania	2
Candela		Uxia	
Alexia		Mencia	
		Nuria	5

O partido soñado fíxose realidade. O derbi lucense entre Estudiantes e Ensino sería equivalente a que os dous equipos estarían clasificados para o Campionato de España júnior feminino que se disputará en Avilés, e así foi. Amos impuxéronse nas súas respectivas semifinais e citáronse na gran final.

A priori podería parecer que sería un encontro descafeinado, como fai anos, no que ningún dos dous equipos se xogaba nada, pero iso estaba moi lonxe da realidade, xa que ambos quixeron e buscaron a vitoria para clasificarse mellor de cara ao Campionato de España.

Estudiantes e Ensino deron un espectáculo brillante ata esgotar todas as súas forzas. Co Anexo a rebordar, os dous equipos saltaron á pista a pola vitoria e por momentos esqueceron

“Felicidades a todas. Por suerte tenemos un nuevo reto para disfrutar, así que ahora a cerrar la temporada de la mejor forma posible” **FERNÁN VARELA** Estudiantes

“Competimos hasta el final de la mejor forma que pudimos. No puedo sentirme más orgulloso y feliz por estas jugadoras” **MIGUEL LÓPEZ** Ensino

o cansazo acumulado, especialmente por moitas xogadoras do Ensino que disputaban ás 10:30 da mañá do domingo o seu cuarto encontro nas últimas 42 horas.

A igualdade na primeira parte foi total, 12-11 e 12-10 nos dous primeiros parciais nos que a ambos equipos custoulles moito anotar en primeiras opcións, polo que os puntos chegaron tras rebote en segunda opción ou en tiros libres, onde Estudiantes tivo mellores porcentaxes para chegar ao descanso con vantaxe, 24-21.

Tralo descanso as espadas de ambos equipos alzáronse. Zeltia minimizou os conatos de remontada do Ensino, que da man de Carmen e Maite chegou con vida aos últimos dez minutos, con tan só un punto de vantaxe para Estudiantes.

O Ensino culminou a remontada e chegou a poñer por diante no mar-

cador. Estudiantes apelou á calma e chegou ao desenlace final coa cabeza máis fría e as ideas máis claras para poñer punto e final á resistencia do Ensino no derbi cun último parcial de 19-11.

Estudiantes e Ensino conseguiron dúas das tres prazas para Galicia no Campionato de España júnior feminino e terminaron o derbi celebrando xuntas a clasificación. A próxima parada para ambos conxuntos será en Avilés, xunto aos mellores equipos de España.

2º

POSTO PARA ESTUDIANTES que xa na Liga Regular o acadara tan só por detrás dun Celta de Vigo que se presentará en Avilés con pleno de vitorias nos encontros disputados esta tempada

4º

CAMPIONATO SEGUIDO para o Ensino. Os tres primeiros con Juan Nécega á fronte e este último con Miguel López no banquino



Zeltia subindo o balón defendida por Nuria



As Final Four júnior



O banco de Estudiantes feminino tras gañar a Peleteiro



As xogadoras celestes celebran o triunfo en semifinais



As ensinistas Maite e Natalia abrázanse tras gañar a Rosalia



Fernán Varela, Ángel Riobóo e Ricardo Uriz coas xogadoras celestes tras rematar o encontro contra Peleteiro no Pazo



O cadro ensinista, tras rematar o encontro de semifinais, celebra



Zeltia e Maria Corredoira festexando o triunfo na gran final



A celeste Yashina e Maite abrázanse ao rematar o encontro



Iago celebrando unha acción de ataque na final ante Rosalia



A afección ensinista celebrando unha acción do equipo



A capitá, Zeltia Presas, levanta a Copa de subcampeos

todas as fotos das Final Four

www.liderlugo.com

@Lider_Lugo

Lider

resumidas en imaxes



Miguel López e as súas xogadoras celebrando unha acción



O banco do Ensino festexa o triunfo no primeiro encontro



Miguel López sendo manteado ao remate da semifinal



Celebrando o seu pase á final e co GPS destino Avilés



Estudiantes júnior masculino posando trala final ante Rosalía coa Copa e as medallas de subcampións galegos



A afección de Estudiantes júnior masculino durante a final



O estudiantil Janusevicius abrazándose ao seu pai



O banquiño celeste animando no encontro ante Ensino

al Four Junior na web

go.es

@LiderRedaccion



Zeltia, Leboreiro e Trabado ao remate das competicións



O adestrador Marcos López felicitando aos seus xogadores



A DEPUTACIÓN
DE LUGO
CO DEPORTE

Baloncesto base

TRALA CLASIFICACIÓN DE ESTUDIANTES E ENSINO para os campiónatos de España na categoría júnior, outros cinco equipos lucenses aspiran a estar entre os mellores do Estado

A conta atrás para os Campiónatos de España de clubs está en marcha. Esta fin de semana, o Estudiantes asegurou a súa presenza no júnior masculino que se disputará en Zaragoza do 5 ao 11 de maio, mentres que Estudiantes e Ensino garantiron a súa participación no júnior feminino que se xogará en Avilés, nas mesmas datas.

Outros cinco aspirantes

Outros cinco equipos lucenses aspiran a clasificarse para os campiónatos españois en cadete e infantil.

O Estudiantes masculino cadete ten garantida a súa presenza nos play off, que tamén podería organizar de manter, na última xornada, o segundo posto na liga. Se Rosalía non o impide, os de Javi Peinó serían anfitrións e cabezas de serie na Final A4 na que estará en xogo a clasificación para o Campiónato de España que se disputará en Huelva do 19 ao 25 de maio.

Na categoría feminina, Estudiantes confirmou esta fin de semana a súa presenza nos play off por un posto no campiónato feminino, que se xogará en Valencia, tamén do 19 ao 25 de maio. O Ensino, pola súa parte, tamén ten o horizonte posto nesa cita, pero terá que manter o rumbo na última xornada da liga, á volta do parón de Semana Santa.

O campiónatos españois son tamén destino final para os equipos infantís de Estudiantes, masculino e feminino, que terán que confirmar nas derradeiras xornadas da competición regular a súa presenza nos play off, parada intermedia. Os rapaces compiten cun aliciente engadido, xa que o club celeste será anfitrión do Campiónato de España infantil masculino. O feminino disputarase na localidade pontevedresa de Marín.

Lugo e Sarria, sede do infantil masculino

A cidade da Muralla, man a man con Sarria, acollerá a disputa da competición que reunirá aos 32 mellores equipos españois da categoría. Estudiantes Lugo organizará o evento coa colaboración do CB Sarria, ademais dos concellos e a Deputación de Lugo e Leyma, como patrocinador do evento. A cita será do 9 ao 15 de xuño.

Por terceira vez en catro anos, un campionato español recalará na provincia despois de disputarse o infantil masculino na tempada 2015-2016 e o júnior feminino que tivo Cervo, Burela e Viveiro como sedes no curso 2016-2017.



JÚNIOR

Estudiantes masculino logrou o seu billete para o Campiónato de España en Zaragoza. Estudiantes e Ensino representarán ao baloncesto lucense na competición feminina que se disputará na localidade asturiana de Avilés

CADETE

Estudiantes masculino e feminino teñen garantida a súa presenza nos play off por un posto nos campiónatos de España en Huelva e Valencia. Ensino terá que asegurar a súa clasificación á volta do parón de Semana Santa

INFANTIL

Lugo e Sarria acollerán o Campiónato de España masculino. O conxunto celeste aspira a estar, como anfitrión do evento que se desenvolverá do 9 ao 15 de xuño. O equipo feminino loitará por unha praza para a cita de Marín



A DEPUTACIÓN
DE LUGO
CO DEPORTE



FICHAS PARTIDOS • FRASES INFANTIL 2ª MASCULINO

“El Sagrado Corazón nos echó del partido en todo momento. Gran encuentro de ellos y nulo el nuestro. A seguir trabajando”

ÁLEX/JULIO CB Viveiro

“Partido peligroso resuelto de forma sobresaliente”

RUBÉN ENGRÓBA Sagrado C.

“Partido muy difícil para nuestros chicos contra uno de los primeros clasificados”

JAVI MOYA Elevadores CB Sarria

“Fuimos generosos en el pase y todos los jugadores anotaron”

ALFONSO FRANCO Ensino

“Hicimos un gran trabajo en la primera parte, pero no pudimos mantenerlo durante los cuarenta minutos”

ÁNGEL RIOBÓO Franciscanos

A unha vitoria do título provincial

CB VIVEIRO		SAGRADO C	
	22		73
Xogador	P.	Xogador	P.
Carlos	8	Julián	31
Luis	4	Jorge	
Rubén	6	Pablo	29
Nicanor	4	Yishak	
Alberto		Gabriel	4
Miguel		Samuel	4
Amadou		Néstor	5
Marcos		Carlos	
Youcef			

Ensino mantén a presión ao líder

ELEVADORES		ENSINO	
	10		61
Xogador	P.	Xogador	P.
Slatel		Rami	11
Martin		Miguel	12
Anxo		Alvaro	10
Xabelo		Pablo	5
Nicolás		Alex	4
Christian		Sergio	5
Alvaro		Elias	2
		Jesús	8
		Bruno	4

Ribadeo exhibe a súa boa forma

FRANCISCANOS		RIBADEO	
	42		88
Xogador	P.	Xogador	P.
Mateo		Jago	4
Isma		Javi	
Pi		Jorge	17
Santi		Dani	17
Centeno		Juan	4
Martin		Lucas	16
Brajs		Simón	24
Javi		Iker	6
Bosco			
Pablo			
Antonio			



Juanma, Cidade, dando instrucción aos seus xogadores

Sagrado Corazón está a unha soa vitoria de proclamarse campión provincial. Un triunfo contra Cidade de Lugo á volta do parón dariales o título aos de Rubén Engroba, que o pasado venres ante Viveiro salvaron o penúltimo escollido no camiño cara o obxectivo final. Tras uns minutos iniciais de imprecisións, os capitalinos tomaron as rendas do encontro recuperando balóns e anotando en contraataques para deixar o marcador en 10-26 ao final do primeiro cuarto. O parcial de 4-24, no segundo, deixou o partido resolto.

Se o líder non dá síntomas de debilidade, tampouco Ensino, obrigado a gañar e esperar un tropezco de Sagrado na última xornada para facer valer o average. Os de Alfonso Franco tamén pecharon o marcador ante un AG Elevadores CB Sarria que xogou o seu último partido da liga con catro minis e xogadores de primeiro ano.

A diferenza plasouse axiña no marcador, con parciais de 4-17 e 4-26 que deixaron o encontro visto para senzenza na primeira metade.

O Celtas culminou con triunfo ante MGR unha temporada na que, durante varias xornadas, mantivo a candidatura ao título xunto a Sagrado e Ensino. O inicio foi mellor por parte dos locais, con boas xogadas colectivas nas que viron aro, pero nos últimos minutos do primeiro cuarto os de Foz conseguiron as primeiras vantaxes tomando o mando no marcador, que manterían todo o encontro.

O Cidade de Lugo venceu a Estudiantes 05 nun encontro no que impuxo o seu ritmo a base de contraataques culminados con acerto. Pola súa parte, o CB Burela venceu a Estudiantes 06. Os mariñais mandaron desde o inicio no marcador pero a presión do último cuarto permitíulles estirar a diferenza.

FICHAS PARTIDOS • FRASES INFANTIL 2ª MASCULINO

“Buen partido en un día en el que no estuvimos acertados de cara al aro”

JAVI MOYA MGR CB Sarria

“Cerramos con este partido unha temporada moi positiva en xogo e resultados”

ALBERTO MENDEZ CB Celtas

“Felicitó a todos los jugadores. Han hecho un gran partido jugando a un ritmo muy alto”

JUANMA Cidade de Lugo

“El equipo hizo un gran esfuerzo durante todo el partido”

JESÚS PLACER Estudiantes 05

“Contenta con el trabajo de todos los jugadores. Seguimos trabajando”

ZAIDA IGLESIAS Estudiantes 06

“Muy buena actitud defensiva del equipo”

MANOLO COBAS CB Burela 06

Celtas pon o broche cun triunfo

MGR CB SARRIA		CB CELTAS	
	34		54
Xogador	P.	Xogador	P.
Xavi		Manu	
Fausto		Dani	
Dani		Hugo	
Izam		Miguel	
Urko		Marco	
Uxio		Israel	
Oscar		Rubén	
Pablo		Karim	

Cidade impuxo o seu contraataque

CIDADE LUGO		ESTU 05	
	61		35
Xogador	P.	Xogador	P.
Adrián		Miguel	4
Miguel		Marcos	7
Diego		Diego Gay	
Sergio		Alexandre	2
Nacho		Victor	20
Miguel		Jose Daniel	
Jackiel		Senén	
Gonzalo		Carlos	
		Diego Pérez	2

Burela foi de menos a máis

ESTU 06		CB BURELA	
	52		75
Xogador	P.	Xogador	P.
Javier M.		Simón	4
Pablo		Sergio	
Javier F.		Xoel	7
Adrián		Mario	8
Manuel		Jonathan	
Jorge		Nico	21
Diego		Pablo	
Samuel		Fabio	33
Marcos		Daniel	2
		Raúl	



O mariñao Nico nun contraataque por diante de Adrián



Mario, CB Burela 06, na pintura ante o celeste Marcos



Diego, Cidade, mirando o aro defendido por Senén



Nico lanzando ante Xoel, Mario e Marcos, de Estu 06



Miguel botando a pelota ante a presión de Diego G.



Miguel subindo unha acción diante do celeste Diego

O Ribadeo quedou co subcampeonato

AS DE JOSE VÁZQUEZ foron a revelación da competición, na que fixeron sombra aos grandes equipos da zona norte

35		48	
CB RIBADEO		B. CORUÑA	
Xogadora	Pts.	Xogadora	Pts.
Aldara	6	Fojo	
Jessi	16	Sanjuan	
Fátima		Veiga	
Andrea		Valenzuela	
Ana Canel	4	Varela	
Sara	4	Astorga	
Irene	5	Argibau	
Julia		Carballal	

“No pudo ser, pero estamos muy orgullosas de conseguir el subcampeonato y pasar a la siguiente fase”

JOSE VÁZQUEZ CB Ribadeo



Jose Vázquez e as súas xogadoras nun tempo morto

O CB Ribadeo quedou co subcampeonato ligeiro tras caer ante Basquet Coruña nun duelo a cara ou cruz polo título. As ribadenses superaron todas as expectativas nunha temporada brillante na que lles queda aínda loitar polo campionato galego.

Os nervios ante a posibilidade de conquistar a primeira praza apareceron durante o encontro, propiciando erros moi pouco habituais nun equipo que

se mostrara máis fiable que as coruñesas nas últimas xornadas.

A transcendencia do partido non pasou desapercibida para ningún dos dous conxuntos, como demostrou o primeiro parcial, inusualmente baixo, 9-6, pero, co paso dos minutos, penalizou máis ás ribadenses, menos experimentadas nestas situacións.

Aínda así, o tren pasou moi cerca. No segundo cuarto, as de Jose Vázquez foron de oito puntos e

tiveron opcións de ampliar a renda e romper o partido, pero o acerto de Basquet Coruña no tiro exterior volveu igualar o marcador, 19-18 ao descanso.

A oportunidade perdida para distanciarse pesou no ánimo das ribadenses de cara ao terceiro cuarto, no que encaixaron un parcial

de 5-15.

Con todo, as mariñás non se deixaron ir e, no último cuarto, engancharon de novo ao encontro recortando a distancia a cinco puntos a catro minutos para o final. As coruñesas tiraron de oficio para retomar o mando e quedar coa vitoria.



A ensinista Lucía Arias a piques de lanzar a canastra

Bastou o terceiro cuarto PARA PECHAR A LIGA con boas sensacións

48		37	
ENSINO LUGO		PONTUMIO	
Xogadora	Pts.	Xogadora	Pts.
Adriana	12	Fariña	
Kristina	4	Varela	
Carmen	4	Díaz	
Lucía		Filgueiras	
Iria		Díaz	
Zeltia	3	Ben	
Alejandra	15	Bra	
Lucía M.	4		
Lia			

“Último partido con muy buen sabor de boca”

AGIGOR ROMO Ensino

Ensino Lugo pechou a competición cunha vitoria que pon un final doce a temporada.

O terceiro cuarto foi decisivo no desenlace dun partido cunha primeira parte pouco vistosa, na que predominaron as imprecisións e o traballo defensivo dos dous equipos, sen acerto de cara ao aro. Así, ao descanso o electrónico reflectía un exíguo 12-14.

O paso polos vestiarios sentoulles mellor ás lucenses que, cunha presión a toda pista e unha zona 3-2, conseguiron roubar balóns con facilidade e anotar en contraataques. Tamén estiveron acertadas en ataque estático, con boa circulación de balón e puntos en tiros fáciles. Así, o terceiro cuarto rematou cun parcial de 18-6 que desnivelaba a balanza a favor das locais.

No derradeiro período o encontro volveu á senda máis errática da primeira metade, agora con máis protagonismo dos ataques que das defensas, para un parcial de 18-17.

CLASIFICACIÓN DE PUNTOS MASCULINO | FEMININO | MIXTO

Puntos JÚNIOR MASCULINO			Puntos CADETE MASCULINO			Puntos JÚNIOR FEMININO			Puntos CADETE FEMININO			Puntos INFANTIL MIXTO		
Xogador	Equipo	Ptos.	Xogador	Equipo	Ptos.	Xogadora	Equipo	Ptos.	Xogadora	Equipo	Ptos.	Xogador/a	Equipo	Ptos.
JANUSEVICIUS	Estudiantes	594	XOSÉ	CB Viveiro	369	CARMEN	Ensino	344	NURIA	Ensino	289	CARLOS	CB Viveiro	459
MARK	Estudiantes	414	IKER	CB Ribadeo	339	JESSI	CB Ribadeo	307	NATALIA	Ensino	283	PABLO	Sagrado	425
IAGO	Estudiantes	287	OLLOQUI	Estudiantes	327	MARINA	Ensino	276	YASHINA	Estudiantes	256	JULIÁN	Sagrado	308
DANI	Hierros	265	PEDRO	Estudiantes	255	FÁTIMA	CB Ribadeo	208	CLAUDIA	Estudiantes	250	MIGUEL	Ensino	293
MARIO	CB Ribadeo	262	ÁLVARO	Estudiantes	247	LEBOREIRO	Ensino	204	MARTA	T. Mariña	245	JORGE	CB Ribadeo	276
JULIÁN	Hierros	203	HUGO	S. Ciprián	227	ANA C.	CB Ribadeo	194	IRENE	CB Ribadeo	220	DANI	CB Ribadeo	273
LUIS	Estudiantes	200	MARIO	S. Ciprián	222	MAITE	Ensino	166	IRENE	E. Rojo	189	ÁLVARO	Burela 06	272
LUCAS	Estudiantes	175	MANU R.	CB Ribadeo	219	IRENE	CB Ribadeo	163	MAITE	Ensino	187	SIMÓN	CB Ribadeo	268
CABE	Estudiantes	149	JORGE	Estudiantes	217	NATALIA G.	Ensino	160	ANDREA	CB Ribadeo	171	SAMUEL	Sagrado	258
JUAN	Hierros	137	CRISTIAN	CB Ribadeo	216	NURIA	Ensino	142	MARÍA	E. Rojo	158	PABLO	Ensino	254
ADRIÁN	Hierros	137	MARIO	Ensino	215	KRISTINA	Ensino 2	134	ANA	CB Viveiro	156	VÍCTOR	Estu 05	250
DIÓBIS	CB Viveiro	119	BRAIS	CB Viveiro	206	ALEJANDRA	Ensino 2	121	SARA	CB Ribadeo	134	LUCAS	CB Ribadeo	240
MARTÍN	Hierros	113	JUAN B.	E. Rojo	198	ADRIANA	Ensino 2	115	ENMA	Estudiantes	134	CAROLINA	Ensino	239
JORGE	Estu 2	109	PABLO G.	E. Rojo	182	NATALIA	Ensino	99	JULIA	CB Ribadeo	121	MARCOS	Burela 05	229
DIEGO	Estu 2	109	MIGUEL	S. Ciprián	166	CARMEN	Ensino 2	95	LORENA	Ensino 03	118	LUIS	CB Viveiro	198
ADRIÁN P.	CB Ribadeo	102	ANXO	Estudiantes	164	SARA	CB Ribadeo	84	MARTA C.	Ensino 03	113	DIEGO	Burela 05	186
ALBERTO	CB Ribadeo	95	MANU M.	CB Ribadeo	157	IRIA	Ensino 2	71	ANY	Ensino	107	CARLOS	Burela 05	179
JULIÁN	CB Burela	91	IAGO	E. Azul	156	LUCÍA	Ensino 2	68	CAROLINA	Ensino 04	106	JULIA	Estudiantes	179
MIGUI	CB Ribadeo	91	ÁLEX	Sagrado	156	TANIA	Ensino	52	ALDARA	CB Ribadeo	105	ALEJANDRA	Estudiantes	177
ÁLEX	CB Burela	90	DIEGO	S. Ciprián	154	ANY	Ensino 2	49	LARA	Ensino 03	104	NÉSTOR	Sagrado	172
MATEO	CB Viveiro	87	DANI	Estudiantes	149	PAULA	Ensino 2	48	ELENA	CB Viveiro	95	FABIO	Burela 06	171
DARLING	CB Ribadeo	85	ELOY	Estudiantes	148	ALDARA	CB Ribadeo	47	ANTÍA F.	T. Mariña	95	HELENA	CB Viveiro	159
DIEGO	Estudiantes	75	DANI	Sagrado	148	ZELTIA	Ensino 2	43	E. Azul	E. Azul	91	ANTÓN	Burela 05	152
DAVID	Hierros	75	SERGIO	Estudiantes	137	LUCÍA M.	Ensino 2	38	REBECA	T. Mariña	91	SARA	Burela 05	149
PIEDRA	Estu 2	73	SEBAS	Ensino	126	JULIA	CB Ribadeo	31	CARME	CB Viveiro	90	ADRIANA	T. Mariña	149
JORGE	Estudiantes	72	SAMUEL	Ensino	118	ANDREA	CB Ribadeo	22	MERCHE	E. Azul	90	RAMI	Ensino	143
IVÁN	Estudiantes	70	MARTÍN	S. Ciprián	109	MENCÍA	Ensino 2	18	LUCÍA	Ensino 03	90	NICANOR	CB Viveiro	140
PABLO	CB Ribadeo	64	JUAN	Sagrado	108	MARÍA	CB Ribadeo	17	SILVIA	Ensino 03	90	MARCOS	Estu 05	138
DAVID	CB Viveiro	64	AGUSTÍN	CB Viveiro	101	ALEJANDRA	Ensino	11	LAURA	Estudiantes	86	JORGE	Ensino	134
XOSÉ	CB Viveiro	61	ÁLEX B.	E. Rojo	101	MARINA	CB Ribadeo	10	LIAN	E. Rojo	83	MARTA	Estudiantes	134

Club Estudiantes
Lugo

Lugo conseguiu tres das cinco prazas
coas que conta o baloncesto júnior
Galego para disputar os Campionatos
de España 2019



ORGULLO

Estudiantes masculino e feminino e Durán Maquinaria Ensino júnior coparon os primeiros postos